

## **Propostas da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL) para o partidos políticos que concorrerán ás vindeiras eleccións do 21 de outubro**

### **No ensino**

1. Derrogación do decreto 79/2010 porque ataca directamente a supervivencia do noso idioma ao facer que moito estudiantado galego non acade a competencia mínima na lingua propia de Galicia.
3. Elaboración dun decreto de promoción do idioma galego no ensino a partir do Plan Xeral pola Normalización, refrendado por unanimidade no Parlamento Galego, coa finalidade de asegurar que o alumnado remate os seus estudos obrigatorios con plena competencia nas dúas linguas oficiais.
4. Implantación de liñas de galego en Educación Infantil que posibiliten un ensino na nosa lingua nos primeiros anos de escolarización. Eliminación da enquisa programada para escoller a lingua nesta etapa, porque ademais de enfrontar á sociedade e ser excluínte, marxina a aprendizaxe en galego nos contornos urbanos e semiurbanos a pesar da opinión dunha importante porcentaxe das familias.
5. Implantación progresiva dos Programas Integrados de Linguas, única maneira real de que o alumnado aprenda a lingua propia e desde ela adquira outras linguas.
6. Fomento, desde a administración, da elaboración de recursos didácticos, actualizados e de calidade, para impartir aulas en galego, e de recursos para a súa aprendizaxe por parte do alumnado estranxeiro e do que ten necesidades educativas especiais.
7. Dotación ao Programa Abalar de materiais en galego (escasísimo incluso para aquelas materias que deben impartirse na nosa lingua), para que non fiquen abeirados nas novas tecnoloxías tal e como está a acontecer.
8. Recuperación do programa educativo “Preescolar na casa” e reforzamento das escolas rurais, cunha adecuada dotación de recursos TIC en galego.
9. Implicación de toda a comunidade educativa no proceso de normalización, a través de asesoramento de inspección educativa, campañas específicas, cursos...
10. Introducción progresiva do Portugués como materia optativa en todos os centros de ensino co obxectivo de potenciar o coñecemento do galego como porta aberta ao portugués, que tantas saídas laborais e económicas vai ofrecer nos vindeiros anos.

## **Nos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística**

1. Defensa dos ENDL fronte aos ataques criminalizadores que sufrimos e seguimos a sufrir por parte de sectores antidemocráticos que unicamente buscan a desaparición da nosa lingua.
2. Promoción dun impulso real das actividades normalizadoras dos equipos, así como apoio ao seu traballo diario. Os equipos precisan sentir que a administración está do seu lado, que os apoia e que impulsa o seu labor.
3. Orientación correcta do traballo normalizador que pasa por estar pendente dos proxectos dos equipos, da súa situación e problemática particular.
4. Creación e divulgación de recursos para o traballo dos ENDL.
5. Desenvolvemento de programas formativos para os docentes dos equipos e de todos os interesados na normalización da lingua no ensino, que respondan ás necesidades reais dos mesmos e que ofrezan claves para resolver as novas situacións que estamos a vivir nos centros (que van desde a redacción dos PLC ata a orientación no deseño de programación...).
6. Promoción do traballo en rede, comarcal ou zonal, dos ENDL para optimizar recursos, colaborar en actividades, producir materiais...
7. Desenvolvemento dun plan de actuación da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) para que os SNL municipais, ou os concellos en xeral, colaboren cos ENDL.
8. Convocatoria das axudas anuais en tempo e forma para que poidan desenvolverse con normalidade ao longo de todo o curso.
9. Implementación de medidas que faciliten o traballo diario a través da regulación de horas de dedicación para os membros dos Equipos, que deben pasar a considerarse dentro do cómputo das horas lectivas.
10. Apoio económico para unha planificación seria do seu traballo.

## **Na sociedade**

1. Busca do consenso para o acordo entre os partidos políticos para excluír a lingua galega da loita partidista.
2. Diálogo e negociación con todos os actores sociais que pulan pola normalización da lingua para chegar a consensos amplos que permitan traballar nos obxectivos fixados na Lei de Normalización Lingüística.
3. Garantir o coñecemento da lingua galega das persoas empregadas na administración para que se poidan garantir os dereitos dos usuarios.
4. Implantación de programas no ámbito xudicial e sanitario que permitan aos usuarios e usuarias realizar os trámites e seren atendidos en lingua galega.
5. Promoción da nosa lingua nas TIC.
6. Apoio para un cambio de enfoque na programación dos medios de comunicación públicos, co obxectivo de ofrecer unha oferta de lecer máis orientada a un público xuvenil e aos sectores máis dinámicos da sociedade galega.
7. Deseño de campañas públicas de promoción do idioma desde unha perspectiva transversal, atendendo ás necesidades específicas de cada colectivo ou grupo social, cun enfoque concreto e pragmático, orientado a fomentar a autoestima cara ao idioma, así como o seu uso en todos os contextos posibles.
8. Apoio decidido aos medios de comunicación en galego.
9. Apoio á creación artística en galego, como se fai en todas as admistracións do mundo coa súa cultura.
10. Conversión de Radio Galega Música nunha emisora de incentivación, promoción e difusión da creación musical en ligua galega.